

CICLO

SEN NUMERAR

Fórum Metropolitano



PRIMAVERA 2018




Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA



📅 SÁBADO 24 DE FEBREIRO DE 2018 | 🕒 21.00h. | 🕒 60 min.



MANARTE PRODUCCIONES

POLÍTICA SENTIMENTAL **UN ENCONTRO NECESARIO ENTRE MARÍA CASARES E ALBERT CAMUS**

No medio do período histórico que transcorre durante a ocupación nazi do territorio francés a partir do ano 1940, prodúcese o encontro de dúas grandes personalidades do panorama cultural da época: María Casares e Albert Camus. Os anos 40 son auxe e colofón das vangardas europeas.

Albert Camus, un dos máis notables representantes do existencialismo francés, conflúe coa actriz galega e filla de Casares Quiroga, un dos maiores expoñentes da II República. O exilio propicia o encontro de María Casares coa Resistencia francesa e a vangarda artística do momento, que a consideraba icona e musa na que plasmar as súas obras. Ao asumir María Casares o papel protagonista na obra "O Malentendido" no ano 1942, marca o inicio dunha prolífica e intensa relación persoal e profesional entre ambos os protagonistas, que se prolongará ata o falecemento do autor en 1960.

AUTOR: Javier Villán.

DIRECCIÓN: David de Loaysa.

INTERPRETES: Sabela Hermida e Germán Torres.

VOZ EN OFF: Lino Braxe.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

📅 SÁBADO 17 DE MARZO DE 2018 | 🕒 21.00h. | 🕒 65 min.



IRIS TEATRO

FRIDA

Ela, a personaxe, é Frida Kahlo. Ela é quen, no tempo que media entre o seu espertar e a súa volta á inconsciencia, vive nunha fantasía, unha festa, na que nos converte nos seus convidados.

Como amizades que somos, regálanos as súas cancións, os seus bailes, as súas dores, as súas alegrías, os seus amores, os seus accidentes (terribles ou prazenteiros), os seus desexos, as súas debilidades... En definitiva, como amizades que somos, dános o seu ser máis fondo, delicado, complexo e contradictorio.

Entréganos unha vida que, a pesar de ser tan dolorosa, ela converte nun salvaxe canto de vida.

FRIDA: Rosa Martínez – Alcocer.

VIOLÍN: Fran Lasuen.

AUTOR: Humberto Carballo.

DIRECCIÓN: Paco Obregón.

📅 **VENRES 6 DE ABRIL DE 2018** | 🕒 **21.00h.** | ⌚ **60 min.**



TEATRO DEL BARRIO

EMILIA

EMILIA amosa a loita dunha muller, Emilia Pardo Bazán, que, ao remate do século XIX, teima en ser ela mesma, é dicir, en conducirse de acordo cos seus desexos e a súa vontade de escribir e participar na vida pública.

Emilia tratou de ingresar na Real Academia Española. Sen éxito. A súa insistencia valeulle a reprobación de moitos dos seus contemporáneos, mesmo despois de solicitar a admiración dalgúns outros. Por encima das polémicas, en EMILIA sobresa a figura dunha muller forte, intelixente e extraordinariamente divertida.

Comeza a triloxía “Mulleres que se atreven” no Teatro del Barrio, unha triloxía de mulleres relevantes que loitaron para que a sociedade as recoñecese como iguais.

TEATRO SOBRE MULLERES. ESCRITO, DIRIXIDO E INTERPRETADO POR MULLERES.

INTÉRPRETE: Pilar Gómez.

DRAMATURXIA E DIRECCIÓN: Anna R. Costa.

TEXTO: Noelia Adánez.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

📅 **SÁBADO 26 DE MAIO DE 2018** | 🕒 **21.00h.** | ⌚ **65 min.**



XURXO CORTÁZAR

DESCONEXIÓN

O individuo 299/1973 FK3 vive conectado a un semáforo regulando o tránsito de peóns. Ten dobre personalidade: cando viste traxe verde é amable e deixa pasar; cando viste traxe vermello é malencarado e manda parar. Xornada tras xornada, desenvolve a súa rutineira misión sen poder esquecer o seu obxectivo soñado: fuxir cara á liberdade e se converter nun ser humano. Unha avaría no seu sistema fai que saia da súa gaiola e emprenda unha viaxe cara ao descoñecido. Por fin atopou unha vía para desconectar. No seu periplo, vaise atopar en situacións novas para el, que terá que resolver coa dignidade que lle permita o feito de ser un monifate sen personalidade definida.

Mediante a metáfora da dualidade do monifate do semáforo, en DESCONEIXIÓN tratamos temas inherentes ao ser humano: a rutina e as ganas de fuxir dela, a necesidade de formar parte de algo e a necesidade da individualidade, o afán de estar conectado e o afán de desconectarse etc., sempre desenvolvidos desde o humor pero co fondo tráxico do sentimento de falta de liberdade para poder tomar decisións propias.

AUTOR E DIRECTOR: Santiago Cortegoso.

INTÉRPRETE: Xurxo Cortázar.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

Chegou ás túas mans a programación do ciclo SenNumerar, un ciclo de artes escénicas que nos permite ofrecer espectáculos de gran calidade e pequeno formato cos que gozarmos de excelentes propostas teatrais nun ambiente case íntimo.

Esta temporada presentamos varios espectáculos nos que a muller é a protagonista, mulleres reais, fortes, loitadoras que forman parte da nosa historia.

COUSAS QUE DEBES SABER ANTES DE VIR VERNOS

- O despacho de billetes abre unha hora antes do comezo de cada espectáculo e só se quedan entradas.
- Pídesese puntualidade. Non se permitirá o acceso á sala unha vez comece a función.
- Non está permitido a entrada á sala con comida ou bebida (agás auga).
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.
- Todas aquelas persoas que accedan ao espazo no que terá lugar o espectáculo deben facelo coa entrada.

VENDA DE ENTRADAS

ENTRADA: 9,00 euros (carné xove, +65 anos e persoas desempregadas: 7,00 €)

VENDA ANTICIPADA: 6,00 euros (até o día anterior á función ás 23:59h.)

DESPACHO CENTRAL DE BILLETES PRAZA DE OURENSE

De luns a venres, agás festivos,
de 9:30 a 13:00h. e de 16:30 a 19:30h.

TELEVENDA 902 044 226

Luns a venres de 9:00 a 22:00h.

Sábados de 14:00 a 22:00h.

Domingos de 16:00 a 21:00h.

DESPACHO DE BILLETES DO FÓRUM

Aberto só os días de función,
desde unha hora antes (só se
quedan entradas dispoñibles).

WEB www.ticketea.com

Servizo permanente 24h.

MÁIS INFORMACIÓN

www.coruna.es/cultura



**CORUÑA
PRÓXIMA**

